



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2020/1
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, LUNS 27 DE XANEIRO DE 2020 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

Santiago Manuel Toba Campaña (Alcalde)

ASISTEN:

Mónica Vilela Vilela

D. Manuel Caramés López

Dna. Olalla Benlloch Lema

D. Javier Romar Alvarellos

Dna. Sandra Vilela Riveiro

Dna. Sofia López Simón

D. Javier Lema Suárez

D. Carlos Fernández Concheiro

AUSENCIAS:

Irma Lucía García Barcia

Tania Romero García

SECRETARIA: Dna. Rosa Ana García Fernández

INTERVENTORA: Dna. Mónica Iglesias Prego

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- MOCION PP DEA POIO AO SECTOR DO MAR E INDUSTRIA ALIMENTARIA

A petición da Alcaldía, Dna Sandra Vilela, voceira do Grupo Municipal do PP, refírese á moción, manifestando:

"Queremos pedir desculpas ao pobo de Muxía polo gasto que se lle ocasiona co pleno de hoxe, pois esta moción foi presentada en outubro e puido traerse ao pleno ordinario pasado e o Alcalde non o fixo. No nos quedou máis remedio pola importancia do tema que solicitar un pleno extraordinario.

O borrador de modificación da Lei de Costas pon en perigo as instalación en dominio



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

público, M.T de Muxía a varias edificacións, seis delas de tipo industrial. Falouse co grupo Tres Mares, con Stolt Sea Farm Merexo e agora mesmo non teñen asegurado o seu futuro. Son máis de 5000 empregos en toda Galicia e centos na comarca, e é importante defender o noso territorio ante un Regulamento inxusto sobre todo se se ten en conta que esas instalación son compatibles co medio ambiente. O proxecto fala de eliminar todas as actividades produtivas do litoral. ¿De que vamos a vivir en Galicia se isto é así?.

Na Moción pídesse que se retroceda nesa intención e que se senten co sector a falar. Espero que a Moción se aprobe por unanimidade porque defendemos os postos de traballo de aquí.”

Seguidamente intervén D Carlos Fdez: “Estamos de acordo con que a moción debeuse de traer ao pleno ordinario. Estamos sempre con culpas duns ou doutros e ao final quen paga é o noso país. O problema comezou ca Lei de Costas do PP, cuestionada polo Tribunal Supremo e polo Consello de Estado. Deixa indefensas todas esas instalación. O goberno central pretende realizar unha reforma urxente sen escoitar ao sector. É unha Lei pensada para o Levante non para o noso país. O sector da pesca en Galicia está desprezado polo PSOE e polo PP, estase a desmantelar . Parece que o goberno central está a entrar en razón e non vai a aprobar a lei por urxencia, van a facer mesa de negociación e queríamos que neste pleno se aprobase unha moción consensuada e non foi posible. Temos un problema co último punto da moción xa que estamos en desacordo con algo como ENCE en Pontevedra e non sabemos se se quere meter por debaixo a concesión ata 2075”.

Intervén seguidamente o Sr Alcalde: “ A exposición da Moción está cargada de falacias, de medias verdades que son mentira. Cremos que a Lei que hai agora hai que cambiala. A moción di que é mellorable. A Lei aprobouse en 2013 e os problemas actuais veñen desa Lei. Desa Lei e do Regulamento aprobado por Rajoy surxen os problemas. A Lei de Patrimonio aprobada por Aznar, prima neste tema e fala de que o prazo máximo das concesión é de 75 anos. A Lei de Rajoy fala xa de ter en conta o impacto paisaxístico das instalacións. Fala na moción de que a modificación causa inseguridades pero é que o mesmo que causa esas inseguridades agora na posible modificación estaba xa na Lei actual.

O partido mobilizouse e está parado todo o relativo á modificación e así me comunican dende o PSOE autonómico. Votarei en contra da Moción sobre todo pola exposición de motivos e por falta de acordo en algún dos outros puntos, o que non quere dicir que deixe de lado aos traballadores que se vexan afectados. Non trouxen a Moción antes porque quixen escoitar as partes. Vou estar ao lado dos traballadores sempre e comprométome a que, segundo vaian avanzando os datos desta modificación, a facer as reunións que sexa. Presentarei unha moción ao respecto. Non podemos politizar



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

desta maneira aos traballadores nin aos esforzos dos traballadores da comarca, e traerei a mesma moción que o resto dos alcaldes da comarca.”

Volve a intervir Dna Sandra Vilela: “ En canto a que necesitas tempo para estudar a moción, como todos e por iso se nos convoca a un pleno nun prazo determinado dende que se presenta unha moción. A Lei é para todos. Esta moción presentouse en outubro e o pleno ordinario foi en decembro. O que pasa é que ata que saíu nos medios non che interesou. Dis que esta moción está chea de mentiras, pois a Alcaldesa de Cee vai levala así a pleno. Votarase a favor en todos os sitios. Está moi ben o seu discurso pero en realizade é o voto o que vale e esta moción , que non vai saí adiante por culpa do PSOE. Está a dar as costas ao sector polo simple feito de que a moción veña da man do PP e vostede non a aproba. O sentido do voto tería que ser o mesmo viñese de quen viñese, porque é agora o momento de defender aos traballadores e empregos da comarca. O que votemos aquí, xa sei que non é determinante, e si o goberno do estado recuou é porque o sector se levantou. Este sector leva meses esperando unha reunión co Ministerio e aínda hoxe non se fixo. O seu voto vai en contra do futuro da Costa da Morte.”

D Carlos Fernández volve a intervir: “ O BNG vota pensando no país e digo o que non me gusta desta moción, que é que con ela se trate de colar o de ENCE. Non obstante votarei a favor e pido que o partido socialista repense o voto.”

O Sr Alcalde expón: Está segura do que di de que todas as propostas de Cee, Camariñas, etc son a mesma? (Dna Sandra Vilela contesta que si).Traeremos unha moción igual á que se aprobará en toda a comarca . A exposición e motivos da súa está cargada de mentiras”;

Sometida a moción a votación, o Pleno por 4 votos a favor do grupo municipal do PP e mixto (BNG), e 5 en contra do grupo municipal do PSOE, rexeita a moción obxecto da Orde do Día.

Ás 20:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, mércores 5 de febreiro de 2020



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A secretaria, Rosa Ana García Fernández O alcalde, Santiago Manuel Toba
Campaña

(FECHA: 07/02/2020 08:36:00)

Rosa Ana García Fernández

(FECHA: 06/02/2020 15:16:00)

Santiago Manuel Toba Campaña

Versión imprimible

CVD: qkaSdF5eHRVwX+ukYx7v
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.